

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O BISPADO DE LUGO PARA A APERTURA DE IGREXAS NO CAMIÑO MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Bispado Diocesano de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entra a Axencia Turismo de Galicia e o Bispado de Lugo para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes a dita Diócese.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- O Bispado de Lugo é o titular das igrexas cuxa apertura aos peregrinos é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible



subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrência pública.

Terceiro.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público a colaboración co Bispado de Lugo na promoción do Camiño de Santiago a través dos seus bens culturais como son as igrexas do Camiño de auténtico interese en todos os ámbitos.

Cuarto.- Que un dos produtos turísticos estrela do turismo de Galicia é o Camiño de Santiago.

O Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 supón unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade autónoma, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados no mesmo.

Na liña estratéxica 1, inclúese como plan de actuación a colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades eclesiásticas, para a acollida aos peregrinos e a difusión do patrimonio.

A este respecto, unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmoables, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela. Agora que a afluencia de peregrinos é superior no verán e moito máis no Camiño Francés, Primeiro Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio da Humanidade, é necesario a apertura daquelas igrexas máis importantes e as explicacións pertinentes do rico patrimonio que representan, así como aquelas outras representativas do Camiño Primitivo e Vía da Prata pertencentes ao Bispado de Lugo.

Quinto.- Nos últimos anos vense asinando un convenio de colaboración outorgando unha subvención para os gastos de persoal necesarios para a apertura, vixilancia e peche destas igrexas, de xeito que redunde nunha mellor acollida ás milleiras de persoas peregrinas que chegan a Santiago.



Que a través deste convenio, outórgase ao Bispado de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

